

CONTO DE VERÁN

Éric Rohmer, 1996

974

ESTREA EN NUMAX: 25.07.2022 | V.O.S.E. | 113 min.

Novo conto das catro estacións de Rohmer. Gaspard viaxou á praia para reunirse coa súa moza Lena. Mentres agarda por ela crúzanse no seu camiño dúas atractivas mulleres, Margot e Solene. Cando se encontra con Lena, deberá elixir con quen debe estar.

«Rohmer tiña unha habilidade case asombrosa para usar as volubles predileccións dos mozos como plataforma de lanzamento para observacións filosóficas intelixentes, pero non opresivas»

Glenn Kenny, rogerebert.com



CONTO DE VERÁN

Éric Rohmer, 1996

974

ESTREA EN NUMAX: 25.07.2022 | V.O.S.E. | 113 min.

Novo conto das catro estacións de Rohmer. Gaspard viaxou á praia para reunirse coa súa moza Lena. Mentres agarda por ela crúzanse no seu camiño dúas atractivas mulleres, Margot e Solene. Cando se encontra con Lena, deberá elixir con quen debe estar.

«Rohmer tiña unha habilidade case asombrosa para usar as volubles predileccións dos mozos como plataforma de lanzamento para observacións filosóficas intelixentes, pero non opresivas»

Glenn Kenny, rogerebert.com



O verán segundo Rohmer

Por Aloma Rodríguez

No 1936 o goberno da Fronte Popular estableceu as primeiras vacacións pagadas en Francia, un pouco tarde con respecto a outros países do entorno. Determinouse un período de dúas semanas ao ano. Estendíase así un dereito ao descanso para todos os asalariados do que ata entón só gozaban determinadas profesións. As vacacións supuxeron unha transformación da vida cotiá. Co dereito ás vacacións, chegaba tamén o dereito á suspensión da rutina e as súas pesadas responsabilidades. E a busca do destino no que pasar ese tempo sen obrigas. Ese mesmo ano o fotógrafo Henri Cartier-Bresson fotografou a xente que gozaba desa época de ocio pagado á beira do Sena ou do Marne, o seu afluente. Máis de trinta anos despois, no 1966, estreárase o primeiro filme que Éric Rohmer situou no período estival: *A coleccionista*. E a casualidade fixo que estreara *Conto de verán*, o seu último filme sobre esta época, outros trinta anos despois, no 1996.

Expectativas e realidade: unha historia trágica

N' *O raio verde*, Rohmer filmou o raio verde, pero necesitou certos retoques no laboratorio. Intentou volver rodalo coa metraxe sobrance de *Conto de verán*. Non é o único que une a estes dous filmes estivais: máis que no resto de películas de verán de Rohmer, aquí os personaxes perseguen unhas expectativas tan altas que xamais lograrán satisfacer. Os protagonistas de ambas fían tanto o período das vacacións que só pode decepcionalos. Os dous filmes móvense seguindo os seus protagonistas, que buscan un ideal, pero o movemento é tamén xeográfico. *Conto de verán* é a historia de Gaspard, músico e estudante de matemáticas, e a súa relación con tres mulleres: unha noiva ausente coa que cre que se encontrará; Margot -encarnada por quen fora Pauline catorce anos antes, Amanda Langlet-, con quen trabará unha amizade asimétrica; e unha terceira, coa que terá unha frugal relación. “O tempo transcorre sen moito que facer, pero tamén porque Gaspard non quere facer demasiado, de vacacións absolutas incluso do que se supón que debe ser un home case adulto. É un home vacante, libre de compromisos. Tal vez de aí proveña a súa indecisión”, escribiu Paula Arantzazu Ruiz a propósito desta entrega dos “Contos das catro estacións”. É o filme máis existencialista dos estivais: Gaspard cre que no amor hai que finxir, que non se pode ser como se é. Os seus equívocos amorosos, a súa confusión sobre a idea do amor, impídenlle ver o que para o espectador está claro: *Conto de verán* é un dos filmes menos compracentes e máis tristes.

Éric Rohmer dixo nunha entrevista que os seus filmes estaban feitos contando absolutamente coa meteoroloxía. “A miña necesidade de facer cinema nace dunha necesidade de filmar os fenómenos naturais, [...] o amor profundo pola natureza e o desexo de representala”, armou nesa entrevista. E o verán, suspendidas as obrigas do ano corrente, parece a estación propicia para as aventuras amorosas, pero tamén para os descubrimentos sobre si mesmos e a aprendizaxe dos protagonistas destas historias, que saen dos seus veráns como se chegasen ao ano novo e a unha vida nova. Rohmer, tamén nos seus filmes estivais, ensínanos a descubrir a beleza en todo o que nos rodea. Rohmer, o cineasta do tempo e as conversacións, consegue nelas captar a vida, como se nada.

O verán segundo Rohmer

Por Aloma Rodríguez

No 1936 o goberno da Fronte Popular estableceu as primeiras vacacións pagadas en Francia, un pouco tarde con respecto a outros países do entorno. Determinouse un período de dúas semanas ao ano. Estendíase así un dereito ao descanso para todos os asalariados do que ata entón só gozaban determinadas profesións. As vacacións supuxeron unha transformación da vida cotiá. Co dereito ás vacacións, chegaba tamén o dereito á suspensión da rutina e as súas pesadas responsabilidades. E a busca do destino no que pasar ese tempo sen obrigas. Ese mesmo ano o fotógrafo Henri Cartier-Bresson fotografou a xente que gozaba desa época de ocio pagado á beira do Sena ou do Marne, o seu afluente. Máis de trinta anos despois, no 1966, estreárase o primeiro filme que Éric Rohmer situou no período estival: *A coleccionista*. E a casualidade fixo que estreara *Conto de verán*, o seu último filme sobre esta época, outros trinta anos despois, no 1996.

Expectativas e realidade: unha historia trágica

N' *O raio verde*, Rohmer filmou o raio verde, pero necesitou certos retoques no laboratorio. Intentou volver rodalo coa metraxe sobrance de *Conto de verán*. Non é o único que une a estes dous filmes estivais: máis que no resto de películas de verán de Rohmer, aquí os personaxes perseguen unhas expectativas tan altas que xamais lograrán satisfacer. Os protagonistas de ambas fían tanto o período das vacacións que só pode decepcionalos. Os dous filmes móvense seguindo os seus protagonistas, que buscan un ideal, pero o movemento é tamén xeográfico. *Conto de verán* é a historia de Gaspard, músico e estudante de matemáticas, e a súa relación con tres mulleres: unha noiva ausente coa que cre que se encontrará; Margot -encarnada por quen fora Pauline catorce anos antes, Amanda Langlet-, con quen trabará unha amizade asimétrica; e unha terceira, coa que terá unha frugal relación. “O tempo transcorre sen moito que facer, pero tamén porque Gaspard non quere facer demasiado, de vacacións absolutas incluso do que se supón que debe ser un home case adulto. É un home vacante, libre de compromisos. Tal vez de aí proveña a súa indecisión”, escribiu Paula Arantzazu Ruiz a propósito desta entrega dos “Contos das catro estacións”. É o filme máis existencialista dos estivais: Gaspard cre que no amor hai que finxir, que non se pode ser como se é. Os seus equívocos amorosos, a súa confusión sobre a idea do amor, impídenlle ver o que para o espectador está claro: *Conto de verán* é un dos filmes menos compracentes e máis tristes.

Éric Rohmer dixo nunha entrevista que os seus filmes estaban feitos contando absolutamente coa meteoroloxía. “A miña necesidade de facer cinema nace dunha necesidade de filmar os fenómenos naturais, [...] o amor profundo pola natureza e o desexo de representala”, armou nesa entrevista. E o verán, suspendidas as obrigas do ano corrente, parece a estación propicia para as aventuras amorosas, pero tamén para os descubrimentos sobre si mesmos e a aprendizaxe dos protagonistas destas historias, que saen dos seus veráns como se chegasen ao ano novo e a unha vida nova. Rohmer, tamén nos seus filmes estivais, ensínanos a descubrir a beleza en todo o que nos rodea. Rohmer, o cineasta do tempo e as conversacións, consegue nelas captar a vida, como se nada.